



Toxicidade dixital e o seu impacto nos nosos fillos e fillas



26.02.2026



16:30 – 18:00H



PRESENCIAL (CENTRO GAIÁSTECH)

Cal é o programa?

- › Entender mellor como funcionan a día de hoxe as contornas dixitais que usa a rapazada
 - › Redes sociais
 - › Plataformas
 - › Algoritmos
 - › IA
- › Tomar conciencia de que estes sistemas non son neutros, senón que están deseñados para captar atención e xerar hábitos.
- › Reflexionar sobre o impacto real que isto pode ter no benestar, a atención e o desenvolvemento de nenos e adolescentes.
- › Avaliar criterios e claves prácticas para acompañar nos fogares desde unha mirada realista e non culpabilizadora.

Cando e onde?

26 de febreiro de 2026

De 16:30 a 18:00h

- › **Presencial no Centro GaiásTech** (Cidade da Cultura, Santiago de Compostela)

Para quen?

- › Pais e nais
- › Docentes

Por que?

O obxectivo da sesión é concienciar a pais e nais dos riscos asociados ao uso de smartphones en idades temperás, e promover un pacto social para atrasar a entrega do primeiro móbil intelixente aos nosos pequenos e mozos ata os 16 anos.

Quen organiza?

Adolescencia Libre de Móviles, movemento xurdido en Barcelona (Poblenou), cuxo obxectivo é empoderar ás familias e promover un pacto social para que o máximo número de fogares atrasen a entrega do primeiro smartphone aos seus fillos e fillas e traballar no bo uso para aquelas que xa o teñen.

Neste movemento confluímos máis 30.000 familias e profesionais da saúde, educación e tecnoloxía de toda a xeografía española, con diferentes ideoloxías, relixións e niveis socioeconómicos, co obxectivo compartido de educar e protexer aos nosos fillos e fillas.

Inscríbete!



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA